



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, para reclamar o arranxo da Praza dos Muiños.

EXPOSICION DE MOTIVOS

O aspecto que presenta actualmente a Praza dos Muiños é absolutamente lamentábel: o seu entorno está cheo de maleza e a parte central da mesma, en canto chove, enchárase de auga converténdose nun lugar tremendamente inseguro para toda a cidadanía, especialmente para os nenos e nenas que teñen que acceder por ela a unha escola infantil alí ubicada. Sen ir máis lonxe, fai poucos días mesmo unha señora sufriu unha caída que lle provocou unha grave lesión nun ombreiro. Ademais, a falla de impermeabilización desta praza produce importantes filtracións de auga ao garaxe que hai debaixo, ocasionando mesmo danos nos vehículos alí estacionados.

O arranxo da Praza dos Muiños representaría poñer a dispor da cidadanía un amplo espazo público, algo que non abunda no casco urbano de Ribeira. Por esta razón trátase dunha actuación longamente demandada pola veciñanza, que ve como ano tras ano o goberno do PP incumpre sistematicamente as súas promesas de arranxala.

O BNG, recollendo as demandas da veciñanza, presentou unha iniciativa en marzo na que lle reclamaba ao goberno popular que se remataran un bo número de obras que deixou abandonadas na localidade unha empresa que, daquela, suspendeu pagos. Entre elas a Praza dos Muiños.

O Alcalde, en resposta ás preguntas do BNG comprometeuse en sesión plenaria, en máis dunha ocasión, a contratar con outra empresa as obras que quedaron abandonadas. Sen embargo nesta praza, pasado un tempo máis que prudencial, as obras aínda non se retomaron. Isto é especialmente grave porque precisamente o abandono das mesmas deixou esta Praza nunha situación moito peor do que estaba antes de que as mesmas se iniciaran. Demostra, ademais, a incapacidade de xestión do goberno de PP, pese a ter unha persoa con dedicación exclusiva para este cometido.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

- 1. Que o Goberno Municipal arranxe con urxencia a Praza dos Muiños**
- 2. Que, en tanto non se acometan as obras de acondicionamento, se adopten de inmediato as medidas de seguranza necesarias para evitar accidentes.**

Ribeira, 14 de novembro de 2008
Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA